

MARUXA, XAQUÍN E FUCO fabrican material escolar

Ilustracións de
BIANCA MILLÁN





Os tres porquiños están moi contentos. Fuco rematou de construír un expositor de libros. Fíxoo con madeira reciclada, dándolle unha nova vida á madeira dunhas vellas caixas de froita.

Maruxa e Xaquín axudáronlle a pintalo e o lobo tentou coma sempre que fracasaran, agochándolles as ferramentas, pero non o conseguiu.

A librería quedoulles tan bonita, que deciden regalarlla á escola da vila.

No colexio entréganlle a libraría á mestra, Lola.
Entre todos, pensan ónde colocar o novo moble.

Un dos rapaces, abraiado pola resistencia da
libraría, pregúntalle a Fuco cómo a fixo. O por-
quiño respóndelle que o estante é resistente
coma a árbore da que ven a súa madeira.

Unha árbore???? Preguntan todos,
impresionados.



Fuco explícalles que a madeira que empregou para facer a libraría ven dun bosque de piñeiros coidado de maneira sostible, co que garantimos seguir tendo árbores no futuro.

Despois, a madeira transfórmase nos serradoiros para poder fabricar moitos obxectos da nosa vida diaria.

Con esa madeira construíuse primeiro unhas caixas de froita que logo Fuco reutilizou para facer o estante.





Como os pequenos non parecen moi convencidos coas explicacións de Fuco, Maruxa móstralles algunhas das moitas cousas de orixe forestal da súa escola.



O papel dos libros,



os Lapis,



moitos dos seus xoguetes,



o cartón das caixas dos tesouros,



as mesas e cadeiras,



as lentes da profe

as portas e fiestras da súa aula,



a tela do mandilón que poñen para pintar tamén ven das árbores



Incluso a escola está feita con madeira!





Abraídos, os rapaces recorren a escola buscando máis obxectos de madeira. Pasan pola aula de música e sinalan cantos dos seus instrumentos están fabricados en madeira.

A pandeireta, o tambor, a guitarra, a fruta, o violín, o xilófono ou unha gaita... todos feitos coa madeira das árbores. Canta música lle debemos aos bosques!

No seu percorrido polo colexio, os pequenos atópanse co reparto dun pedido de peixe que chega nese momento ao comedor. “Ven en caixas de madeira!”, berran todos contentos polo seu descubrimento.



COMO SE FAN AS
CAIXAS DE MADEIRA?



Xaquín explícalles que antes incluso de chegar ás caixas, temos peixe grazas á madeira, porque os barcos que transportan as capturas tamén son de madeira.



OS BARCOS E A
MADEIRA.



Ao rematar o día, colocan entre todos e todas os libros na súa nova librería. A mestra Lola comenta satisfeita que consumir produtos de madeira axuda a manter vivos os bosques e combater o cambio climático.

Antes de marchar, Maruxa recórdalles que os produtos de madeira teñen un ciclo de vida infinito, xa que poden reutilizarse ou reciclarse. Como a súa librería, que agora luce chea de vida, con centos de libros e historias que contarlles durante moitos, moitos anos.





Neste conto aparecen unha morea de cousas de orixe forestal.
Bota unha unha ollada de novo ás ilustracións para identificalas.
Cantas es quen de atopar?

Este conto é iniciativa de FEARMAGA, desenvolvida dentro da campaña “Árbores que dan vida” para achegar á sociedade as solucións en madeira que proporciona a industria forestal galega.

Cofinanciado por XERA, Axencia Galega da Industria Forestal. O apoio da Axencia Galega da Industria Forestal para a elaboración desta publicación non implica a aceptación dos seus contidos, que serán responsabilidade exclusiva dos seus autores. Por tanto, a Axencia Galega da Industria Forestal non é responsable do uso que poida facerse da información aquí difundida.